

## BANDO INFORMATIVO

**APERTURA DO PRAZO DE SOLICITUDE DE AXUDAS DE INDEMNIZACIÓN ECONÓMICA, DIRIXIDAS ÁS FILLAS E FILLOS MENORES DE 30 ANOS DAS VÍTIMAS MORTAIS POR VIOLENCIA DE XÉNERO, ASÍ COMO A MULLERES QUE RESULTASEN GRAVEMENTE FERIDAS COMO CONSECUENCIA DUNHA AGRESIÓN POR VIOLENCIA DE XÉNERO**

**MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, ALCALDE do Concello de Oroso**

**INFORMA:** Da apertura do prazo de solicitude das axudas de indemnización económica dirixidas a fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero.

### TIPOS DE AXUDAS

1. Axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, que dependeran economicamente da súa nai e/ou do seu pai agresor.
2. Axudas de indemnización dirixidas ás mulleres que resultasen gravemente feridas, con lesións que requiran hospitalización, como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero.

### PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán ser persoas beneficiarias no primeiro caso mencionado no punto anterior, en réxime de igualdade, cada un dos fillos e fillas da vítima mortal da violencia de xénero, calquera que sexa a natureza da filiación, sempre que na data do falecemento cumprisen os seguintes requisitos:

- a) Ser menores de idade e convivir coa nai, independentemente da renda familiar.
- b) Ser maiores de idade ata os 30 anos inclusive, e depender economicamente da nai e/ou pai agresor. Entenderase que existe dependencia económica cando na data do falecemento, as persoas beneficiarias no percibisen rendas, de calquera natureza, que, en cómputo anual, superasen 12 mensualidades do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente.

Poderán ser persoas beneficiarias no segundo caso mencionado no punto anterior, as mulleres feridas gravemente, con lesións que requiran hospitalización, como consecuencia dunha agresión de violencia de xénero, sempre que na data en que se producisen os feitos se cumprisen os seguintes requisitos:

- a) Ser muller, maior de idade ou emancipada.
- b) Estar empadroadada e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.  
No caso das mulleres estranxeiras, tamén será necesario ter permiso de residencia e traballo.
- c) Atoparse nunha situación de precariedade económica. Entenderase que se produce unha situación de precariedade económica cando os ingresos da unidade familiar de convivencia a que pertenza a beneficiaria divididos polo número de membros que a compoñen non superen o importe do IPREM vixente.

**LUGAR DE INFORMACIÓN:** Departamento de Servizos Sociais do Concello, Rúa do Deporte, 5-7 baixo, Sigüeiro, Oroso. CITA PREVIA no teléfono 981688 950.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN:** ata o **30 de novembro de 2021**. (Diario Oficial de Galicia nº 5, do 11 de xaneiro de 2021).

Oroso, 12 de xaneiro de 2021.

O Alcalde, Manuel Mirás Franqueira.